



Salceda reclámalle solucións ao SERGAS

Co obxectivo de informar a tódolos veciños e veciñas da situación que está a sufrir a Sanidade de Atención Primaria no noso Concello, a Concellaría de Sanidade de Salceda, que dirixe Loli Castiñeira, quere facer un repaso cronolóxico do traballo feito dende o ano 2.007 ata o día de hoxe, tanto no que se refire á construción do novo Centro de Saúde como ás diferentes alternativas presentadas ante o SERGAS para solucionar, de maneira provisional neste caso, a saturación na área de pediatría, que se atopa dende hai anos totalmente colapsada.

Como é coñecido por tódolos veciños e veciñas, o actual Centro de Saúde ofrece un servizo moi precario, tanto na atención (unha soa pediatra para 1.350 usuarios/as dos 1.560 empadronados/as de 0 a 14 anos) como nas propias instalacións nas que se presta a asistencia, que non cumpren as mínimas condicións de accesibilidade propias dun Centro do século XXI.

Fronte á manipulación e ao "disque que seica", a verdade da documentación oficial: o Concello ten entregado dende febreiro de 2014 máis dun cento de dosieres informativos de 47 páxinas coa documentación oficial relativa a este tema a representantes de asociacións e colectivos cidadáns, así como aos veciños e veciñas que o levan solicitado a título individual. Esta información está a disposición de calquera veciño ou veciña que así o desexe na Concellaría de Sanidade do Concello de Salceda.

Se algún proxecto foi considerado por este Goberno Municipal dende un primeiro momento como vital para o conxunto da cidadanía, foi conseguir a parcela para ceder ao SERGAS e que este construíse o novo Centro de Saúde dentro das competencias sanitarias que lle corresponden por lei. Case catro anos despois de que a parcela de 3.001,56 m. da Devesa lle fora cedida gratuitamente e en propiedade por parte do Concello, a Xunta de Galicia segue sen cumprir coa débeda histórica con Salceda.

Esta demanda maioritaria da cidadanía do noso Concello ten contado nos últimos anos coa participación de diversos colectivos sociais que veñen demandando a través de diferentes iniciativas o inicio das obras e a mellora urxente dos servizos actuais, especialmente na área de pediatría.

Pola importancia do tema que estamos a tratar, e ante a existencia de certa confusión nalgúns casos interesada, resumimos a continuación a cronoloxía dos diferentes pasos que se foron dando dende o Concello e tamén nos últimos meses dende os diferentes colectivos, dende o ano 2.007 ata a actualidade:

Periodo 2007 - 2009

O Goberno Municipal traballa na consecución dos terreos para a construción do novo Centro de Saúde. Decídese desenrolar o PERI UE-02 na zona da Devesa, co obxectivo de conquistar unha parcela de 3.001,56 m. mediante a fórmula de ocupación directa. O PERI UE-2 foi aprobado en Pleno o 30 de setembro de 2008 (BOP 20/10/08).

22 de xullo de 2009

Xuntanza da Concelleira de Sanidade de Salceda co Xerente do SERGAS, que se comprometeu a enviar os Técnicos da Consellería para analizar os locais do entorno que mellor puideran acondicionarse para albergar provisionalmente os servizos de Pediatría. Nesta xuntanza tamén se lle plantexou a posibilidade de que o Centro de Saúde se abraise polas tardes para prestar este servizo.

5 de maio de 2010

Visto e prace do SERGAS á parcela ofrecida polo Concello para a construción do novo Centro de Saúde.

22 de decembro do 2010

Os terreos da Devesa son obtidos en propiedade polo Concello mediante ocupación directa e postos a disposición do SERGAS o 27/12/2010.

3 de maio de 2011

A parcela de 3001,56 m. destinada a Centro de Saúde inscríbese no Rexistro da Propiedade de Tui, pasando polo tanto de maneira oficial a ser propiedade do Concello.

12 de maio de 2011

A parcela de 3001,56 m. é cedida gratuitamente ao SERGAS, en Sesión Plenaria, co voto unánime dos tres grupos da Corporación Municipal. Nesta data remata o proceso de cesión dos terreos por parte do Concello, como así o acredita a entón voceira do grupo municipal do PP, a señora Emma Pereira Iglesias que avanza en dito Pleno que *"o seu grupo votará a favor da proposta, pois todos esperan que chegue o novo Centro de Saúde, máis desexa matizar que entende que o proceso de cesión do terreo culmina hoxe, polo que é a partires de agora cando a Xunta pode comezar a realizar os trámites que lle corresponden"*.

13 de maio de 2011

Aportación de documentación por parte do Concello á Consellería de Sanidade: acordos adoptados na Sesión Plenaria celebrada o día anterior (12 de maio de 2011) (*documento 1*).

30 de xuño de 2011

Entrada no rexistro do Concello do acordo de alteración da descripción catastral da parcela.

15 de xullo de 2011

Acuse de recibo da Consellería de Presidencia da recepción dos terreos (*documento 2*).

27 de setembro de 2011

Requerimento de documentación por parte da Consellería de Sanidade.

A) Copia compulsada de certificación emitida polo rexistro da Propiedade de Tui en relación ao terreo destinado á construción do novo Centro de Saúde.

B) Copia cotexada da notificación ao Concello de Salceda de Caselas do acordo adoptado pola Xerencia Territorial do Catastro.

28 de setembro de 2011

Resposta por parte do Concello ao requerimento, aportando a documentación solicitada.

26 de marzo de 2012

A Conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera, en xuntanza co Alcalde Marcos Besada e o Concelleiro de Vías e Obras Fortunato Álvarez, compromete a licitación do novo Centro de Saúde para o ano 2.013.

11 de xuño de 2012

Publicación no Boletín Oficial do Estado do Convenio entre o Ministerio de Agricultura e a Xunta de Galicia, que establece unha partida orzamentaria por valor de 1.745.638 € pertencentes aos fondos europeos (FEADER) para a construción de Centro de Saúde en Salceda de Caselas.

11 de febreiro de 2013

Nunha nova xuntanza entre o Alcalde, Marcos Besada, a Concelleira de Sanidade, Loli Castiñeira e a Conselleira, Rocío Mosquera, esta alega que os recortes presupostarios da Xunta de Galicia impiden incluír a partida de 2,2 millóns para licitar, neste ano, a obra do novo Centro de Saúde de Salceda de Caselas, tal e como tiña comprometido na anterior xuntanza.

7 Febreiro de 2014

39 asociacións de Salceda reúnense co obxectivo de denunciar a saturación e estado deficiente do actual Centro de Saúde e reclamar a construción do novo edificio. Esta plataforma recolle 3.825 sinaturas apoiando as súas reivindicacións. Reúnense co Xerente de Atención Primaria que alega falta de orzamento para acometer as obras.

Febreiro de 2015


Un grupo de nais e pais preocupados pola saturación do servizo de pediatría forman unha nova plataforma á que denominan "Pediatría Colapsada e Inaccesible", que inicia unha serie de accións reivindicativas para esixir solucións aos problemas.

27 de marzo de 2015

O Concello de Salceda celebra un Pleno Extraordinario a petición da Plataforma no que se insta á Xunta de Galicia a que acelere os trámites para a construción do novo Centro de Saúde así como unha solución provisional para a saturación do servizo de Pediatría.

10 de abril de 2015

A Plataforma "Pediatría Colapsada e Inaccesible" e os representantes do Concello e das diferentes forzas políticas de Salceda manterán unha nova xuntanza co Xerente de Atención Primaria para esixir solucións á situación.



Aos efectos da finalización do procedemento iniciado en 2008 (BIR Patrimonio/FOS saída registro xeral do Consellería de Sanidade 004951, de 17-2-2008) para a construción dun novo centro de saúde en Salceda de Caselas (Portlevedra), adórganse a seguinte documentación requirida por vostedes:

- Certificado dos acordos adoptados en sesión plenaria celebrada o 12 de maio de 2011 para a cesión gratuita ao Servizo Galego de Saúde da propiedade do ben inmoble destinado polo planeamento á construción dun novo centro de saúde, e descrito na ficha "Finca denominada "Equipamento A Centro de Saúde", segundo o plano P1 do PERI UE-02 de unidade de execución UE-02" do inventario municipal de bens e dereitos do Concello de Salceda de Caselas (Portlevedra) e solicitándose que comunique ao Concello de Salceda de Caselas a súa aceptación da cesión do ben en canto se produza, no seu caso, así como a afección do mesmo ao seu dominio público, afecto á construción dun novo centro de saúde.
- Informe emitido para o Concello de Salceda de Caselas o 9 de maio de 2011 pola arquitecta D^a Rocío González Ocampo e o 10 de maio de 2011 polo asesor xurídico D. Carlos Abel Loureiro, relativos ás características da infraestrutura existente e á viabilidade de obter licenza municipal directa para un centro de saúde nos termos que se orden.
- Informe do 12 de maio de 2011 desta Alcaldía, como autoridade urbanística municipal, sobre a idoneidade do terreo e resolución dos problemas de infraestrutura sanitaria.
- Certificación do 12 de maio de 2011 do Secretario do Concello de Salceda de Caselas acreditativa da plena posesión e libre disposición da finca.

Salceda de Caselas, 13 de maio de 2011.

O ALCALDE

Marcos Davío Besada Pérez

CONSELLERÍA DE SANIDADE DA XUNTA DE GALICIA
SERVIZO GALEGO DE SAÚDE
Subdirección xeral de Investimentos (Servizo de Patrimonio)
Edificio administrativo de San Lázaro
15703-SANTIAGO DE COMPOSTELA (A Coruña)

Documento 1
Acordos adoptados en Pleno o 12 de maio de 2011

Bien

Ref: C2011-9

Assunto: Cesión gratuita en Servizo Galego de Saúde da finca denominada "Equipamento A Centro de Saúde".

Entidade Local interesada: Concello de Salceda de Caselas

Examinada a documentación remitida por ese Concello, relativa á cesión gratuita ao Servizo Galego de Saúde da finca denominada "Equipamento A Centro de Saúde" segundo o plano P1 do PERI UE-02 da unidade de execución UE-02, destinada á creación dun centro de saúde nos terreos obxecto e cesión, con referencia catastral "resto da finca matriz 21369, obtida por agregación, IDUFIR: 3601000130666, tomo 1227, libro 125, folio 119, tras segregación da finca registral 21370", dunha superficie de 3001,56 m², de conformidade co disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e no Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, comunícolle que, dado que o expediente de referencia non excede en valor do 25% dos recursos ordinarios do orzamento anual da Corporación, non é necesaria a súa autorización por parte deste Consello de Administración.

Como consecuencia do exposto no parágrafo anterior, esta Dirección Xeral dáse por informada da tramitación do citado expediente e acusa recibo da súa comunicación e recepción, ao abeiro do establecido no artigo 109 do R.D 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais e 276 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2011

O director xeral de Administración Local

Jose Norberto Uzal Tresserras

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS

Documento 2
Acuse de recibo da Consellería de Presidencia da recepción dos terreos



Respostas a preguntas frecuentes:

¿De quen son as competencias en materia sanitaria?

Da Xunta de Galicia. Tódalas competencias no eido sanitario están transferidas pola Ley General de Sanidad ás Comunidades Autónomas dende o ano 1.986, tanto no que se refire a construción das instalacións como na prestación dos servizos sanitarios nos Concellos de Galicia. O Concello unicamente, polo contrato de arrendamento asinado o 19 de maio de 1.989, se ten que facer cargo dos gastos correntes e do mantemento do edificio.

¿Queda a día de hoxe algún trámite pendente por parte do Concello para que se poidan iniciar as obras?

Non. Dende o 28 de setembro do 2.011 en que o Concello respostou ao último requerimento de documentación por parte da Consellería de Sanidade, non existe ningunha comunicación nin verbal nin escrita respecto á falta de algún documento. No ano 2012, a Conselleira Rocío Mosquera falou exclusivamente dun problema económico: "Alcalde, non hai cartos".

¿E por parte da Xunta de Galicia?

Si. A Xunta de Galicia debe recepcionar oficialmente a parcela, meter a partida orzamentaria correspondente (o 50% vai ser aportado polo Ministerio de Agricultura dentro do convenio asinado segundo o BOE do 11 de xuño de 2012), licitar a obra, e pedir ao Concello a correspondente licencia obrigatoria para o Centro de Saúde, cuxa viabilidade foi certificada no Pleno de cesión da parcela.

¿Ten algo que ver o desenvolvemento urbanístico do PERI coa parcela transferida ao SERGAS?

Non. A parcela é propiedade do Concello dende o 22 de decembro de 2.010 mediante a fórmula de ocupación directa. Está rexistrada no Rexistro da Propiedade de Tui, e os/as propietarios/as dos terreos xa teñen recoñecido o seu novo solar como pago en edificabilidade dende o 19 de decembro do 2.014, data na que se aprobou por Decreto de Alcaldía o Proxecto de Reparcelación do Polígono-I do PERI UE-2, que é firme en vía administrativa e xudicial.

¿Son necesarias as obras de urbanización da parcela antes da construción do novo Centro de Saúde?

Non. A interventora municipal advirte no seu informe para a cesión da parcela "a asunción de tales gastos está condicionada á aceptación, por parte do Servizo Galego de Saúde (Xunta de Galicia) da cesión dos terreos nos termos da mesma, como se deriva da proposta". A Lei do Solo de Galicia, no seu artigo 20.2, di que as obras de urbanización poden ser simultáneas á construción do edificio, neste caso o novo Centro de Saúde, cuestión por outro lado lóxica, xa que ninguén, por poñer un exemplo, fai antes na súa propia casa os xardíns, os accesos, etc., que o edificio en si mesmo, pois acabarían destrozados coas obras.

¿Por que non se ten adaptado o Centro de Saúde actual á normativa vixente sobre accesibilidade e quen ten a obriga de facelo?

Na Resolución do Director Xeral de Asistencia Sanitaria do 16 de maio de 1.988 sobre o Centro de Saúde actual deixa ben claro que "*calquera modificación estrutural ou funcional do Centro de Saúde que se queira facer no futuro requirirá a previa autorización da Consellería de Sanidade*". Queda claro que é a Consellería de Sanidade quen ten que facer calquera obra estrutural ou funcional.

Dende o ano 2007 e ata o día de hoxe, tras múltiples visitas e reunións, ningún arquitecto/a da Unidade Técnica do SERGAS, que son os competentes para avaliar as obras necesarias que solucionen os graves problemas do actual Centro de Saúde, ten presentado nin avalado ningunha proposta: basicamente porque sería necesario unha reforma integral do edificio que o SERGAS nunca quixo acometer.

¿Existen posibilidades de reubicación do servizo de Pediatría nalgún local municipal?

Si. Xa dende o ano 2.007 o Concello propuxo unha serie de locais alternativos para ubicar o servizo de Pediatría. Ningunha proposta a día de hoxe foi aceptada polo SERGAS. Dende o Concello sempre se defendeu como a mellor opción a apertura do Centro de Saúde polas tardes, pero sempre estivo disposto a colaborar incluso economicamente no acondicionamento doutros locais alternativos en aras da mellora do servizo colapsado. Sirva como exemplo que dende o ano 2008 o Servizo de Preparación ao Parto se presta por parte da matrona nas instalacións da Casa do Concello despois da visita e aprobación pola Unidade Técnica do SERGAS.